

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MAREA SECTORIAL FEMINISTA

En Pontevedra, o día 21 de maio de 2017 ten lugar a xuntanza para a constitución da Marea Sectorial Feminista, segundo os documentos que determinan a estrutura sectorial de En Marea.

A convocatoria é aberta a todas as inscritas de En Marea e xestionada polas responsables de Feminismo da Coordinadora de En Marea, Ana Seijas e Iria Morgade. Mediante esta xuntanza, á que acoden vinte mulleres, constitúese o grupo sectorial de Acción Feminista de En Marea, baixo o nome de “Marea Feminista”, establecéndose os seguintes acordos:

1. COMPOSICIÓN DA MAREA FEMINISTA

Debátese quen debe integrar a Marea Feminista entre dúas opcións: mixta (mulleres e homes) ou non mixta (só mulleres). Logo dun enriquecedor debate sobre ambas as dúas, decidese que a Marea Feminista estará formada só por mulleres esgrimíndose principalmente os seguintes argumentos:

- Como amosa a experiencia organizativa de compañeiras que levan anos traballando no eido do feminismo, a participación dos homes soe prexudicar as dinámicas para o empoderamento e a toma de decisións, sendo máis complicado facer fronte ás dinámicas e comportamentos machistas.
- É preciso contar cun espazo autónomo das mulleres no que non tería sentido que aqueles que se ven beneficiados polos privilexios da sociedade patriarcal puidesen participar en igualdade de condicións coas que teñen minguados os seus dereitos polo simple feito de ser mulleres.
- Aínda que o papel dos homes na loita feminista é primordial, o seu papel debe ser o de acompañantes das mulleres nun segundo plano. Por iso a súa participación será clave nas xornadas ou debates que poida organizar a Marea Feminista. Esta participación decidirase para cada actuación en concreto.
- Polo tanto a Marea Feminista estará formada organizativamente só por mulleres que serán autónomas na toma de decisións.

2. ORGANIZACIÓN DA MAREA FEMINISTA: TOMA DE DECISIONS E FERRAMENTAS

- Acórdase que serán as mulleres, organizadas na Marea Feminista, as que decidan o posicionamento e a estratexia de En Marea en todos aqueles temas que competan ás mulleres.
- Acórdase que a toma de decisións da Marea Feminista será presencial, buscando facilitar a participación de todas, na medida do posible, a través de ferramentas como o skype ou similares.
- Acórdase que a Marea Feminista xuntarase presencialmente unha vez ao mes, podendo decidir con posterioridade o cambio na súa periodicidade. Estas xuntanzas serán rotatorias (tanto en lugar como en día da semana elixido).
- A Marea Feminista empregará, para comezar, as seguintes ferramentas telemáticas coas súas conseguíntes funcións:
 1. Grupo de telegram: este grupo terá a función de difusión de información, xa que os debates e a toma de decisións serán colectivos e presenciais.
 2. Listado de correo: mediante un listado de correo funcionarase para temas loxísticos así como para o traballo con documentos, chegado o caso.
 3. Loomio: decídese probar algunha plataforma, estilo Loomio, para cando se comecen a traballar contidos concretos, de xeito que se atopen unha ferramenta na que se poida compartir e intercambiar información dun xeito rápido e o máis cómodo posible entre todas.

3. DEBATE VENTRES DE ALUGUEIRO

Decídese acudir ao debate sobre ventres de alugueiro do día 10 de xuño en Santiago de Compostela. Por cuestión do axustado do tempo, decídese adiar o debate sobre a postura da Marea Feminista sobre os ventres de alugueiro para despois do día 10 de xuño. Unha postura que será independente das conclusións do devandito debate do día 10.

Sen máis asuntos que tratar, remata a xuntaza coa constitución da Marea Sectorial Feminista.